

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA, DA XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE ESTACIÓNS DE SERVIZO E A ENTIDADE FINANCEIRA ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. PARA A MODERNIZACIÓN DAS ESTACIÓNS DE SERVIZO E A IMPLANTACIÓN DE MEDIDAS PARA A DISPOSICIÓN DE EFECTIVO NAS MESMAS, NOS MUNICIPIOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

Santiago de Compostela, (asinado dixitalmente o 9/07/2025)

**REUNIDOS**

Dunha parte, \_\_\_\_\_, en nome e representación da Consellería de Economía e Industria, na súa calidade de conselleira, segundo nomeamento recollido no Decreto 44/2024, do 14 de abril, e en virtude das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e o Decreto 140/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria (DOG núm. 101 do 27 de maio).

Doutra, \_\_\_\_\_, en nome e representación da Federación Galega de Estacións de Servizo (en adiante, FEGAES), como presidenta elixida mediante convenio do Comité Executivo do día 17 de outubro de 2023 e coas facultades para a sinatura deste convenio en virtude dos estatutos de dita Asociación.

E doutra parte, \_\_\_\_\_, director de negocio institucional de Galicia, España Norte e Portugal, que actúa en nome e representación de ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. (en adiante, ABANCA) segundo escritura de poder outorgada ante o notario \_\_\_\_\_, a cal ten o seu domicilio na Cl. Cantón Claudino Pita, nº 2 de Betanzos (A Coruña), e que se atopa inscrita no Rexistro Mercantil de A Coruña, e no censo de Entidades Xurídicas do Ministerio de Economía y Hacienda co C.I.F. A-70302039.

As partes, na representación que ostentan, teñen capacidade legal para asinar este convenio de colaboración e, na súa virtude,

**EXPOÑEN**

I.- Que a Consellería de Economía e Industria, a través da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial como órgano de dirección, ten atribuídas competencias no ámbito da seguridade industrial e máis concretamente nas instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos, segundo o

recollido no Decreto 140/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da devandita consellería.

II. - Que FEGAES é unha entidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar.

Entre os seus fins está promover a unión de forzas empresariais para velar polos intereses e preocupacións comúns do sector e favorecer o crecemento empresarial dos seus asociados, mellorando o seu posicionamento nun mercado cada día mais competitivo e entre as súas funcións destácase a representación, xestión e defensa dos intereses empresariais das asociacións provinciais e dos seus membros principalmente ante organismos públicos e privados.

Son membros de FEGAES as catro asociacións provinciais de estacións de servizo de Galicia, polo que nela están representadas unha parte moi importante das gasoleiras existentes en Galicia. Isto outórgalle a FEGAES un coñecemento do sector e unha capacidade de diálogo e representación no sector das estacións de servizo galegas que non ostenta ningunha outra entidade.

III.- Que ABANCA é unha entidade financeira que mantén e desenvolve unha importante actividade económica en Galicia e está interesada en impulsar un programa que permita o acceso a diñeiro en efectivo en toda Galicia, evitando así parte da exclusión financeira que sofre a nosa rexión. ABANCA está presente, como única entidade financeira con oficinas operativas, en 175 concellos galegos, o que representa aproximadamente o 56 % do total de concellos de Galicia. Conta con máis de 1.100 caixeiros automáticos distribuídos por toda a rexión, máis de 39.000 terminais TPV e 1,5 millóns de tarxetas de débito emitidas.

Ademais da súa presenza nestes concellos, ABANCA tamén destaca pola súa cobertura en poboacións máis pequenas, sendo a única entidade con presenza en concellos de menos de 1.000 habitantes e posuíndo o 97,5 % das sucursais en poboacións de menos de 2.000 habitantes. O compromiso de ABANCA coa accesibilidade aos servizos financeiros reflíctese no seu compromiso de manter abertas as súas sucursais nestes concellos e ampliar o seu horario de apertura.

En definitiva, ABANCA xoga un papel crucial na inclusión financeira nas zonas rurais de Galicia, actuando como institución líder en numerosos concellos e garantindo o acceso aos servizos esenciais para os seus residentes.

IV.- Que as estacións de servizo foron concibidas, na súa orixe, como instalacións de subministración de produtos petrolíferos polo miúdo e, como tales, son establecementos industriais sometidos aos regulamentos de seguridade industrial.

Non obstante, nos últimos anos a maior parte destes establecementos foron diversificando a súa oferta, de xeito que, e especialmente no ámbito rural, a presenza de estacións de servizo é clave para seguir mantendo servizos á poboación, o que contribúe a manter o seu benestar e, polo tanto, á loita contra a despoboamento rural. De acordo con este obxectivo, a Consellería de Economía e Industria, e no marco das actuacións que a Xunta de Galicia leva a cabo para loitar contra o despoboamento rural, considera necesario garantir a supervivencia das estacións de servizo, para o que é imprescindible que poidan manter un elevado número de servizos que garanta a súa competitividade e o seu futuro. Entre estes servizos, non só se atopan os que actualmente prestan, senón outros innovadores que poden ser de grande utilidade para a poboación.

En liña coa loita contra o despoboamento rural e co impulso e o avance tecnolóxico nas diferentes actividades industriais, promóvese por parte da Consellería de Economía e Industria, en colaboración coa Federación Galega de Estacións de Servizo (en diante, FEGAES), a posta en marcha dunha serie de actuacións dirixidas á modernización tecnolóxica, dixital e ao desenvolvemento de actuacións dirixidas a mellorar a súa seguridade, en estacións de servizo rurais situadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a consecución da posta en marcha das anteditas actuacións, as partes asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento de actuacións de fomento da modernización tecnolóxica das estacións de servizo rurais en Galicia, cuxo obxectivo é garantir a supervivencia das estacións de servizo rurais á vez que se mellora tamén a seguridade destas instalacións.

Así mesmo, o Consello da Xunta de Galicia tomou razón dunha nova orde de axudas encamiñadas á modernización tecnolóxica e dixital nas estacións de servizo de ámbito rural da Comunidade Autónoma de Galicia, que permitirá, entre outras medidas, que poidan contar cun sistema de retirada de cartos en efectivo similar ao que se ofrece nos caixeiros automáticos das sucursais bancarias. Así, a través da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia, a Consellería de Economía e Industria promoverá a implantación dun novo servizo de entrega física de pequenas cantidades de diñeiro a clientes de entidades financeiras que teñan subscrito o correspondente acordo coa estación de servizo.

V.- Que, con base ao exposto, a Consellería de Economía e Industria ten a vontade de promover a sinatura deste convenio coa FEGAES e con ABANCA, sen prexuízo da formalización de outros convenios coas diferentes entidades financeiras que operan na Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de facilitar a prestación a través das estacións de servizo rurais dun servizo de retirada de diñeiro en efectivo dirixido á poboación rural, que contribúa a mellorar os servizos prestados polas estacións de servizo no ámbito rural de cara a garantir o benestar da poboación rural.

VI.- Que é de interese das partes dar cobertura ao maior número de comarcas galegas, garantindo a maior cobertura posible de concellos e facilitando un alto nivel de asistencia á poboación.

VII.- Que, en virtude do exposto, as partes se recoñecen con capacidade para a formalización do presente Convenio que materializan en base as seguintes,

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- ÁMBITO DE APLICACIÓN**

O presente convenio será de aplicación para as estacións de servizo asociadas a FEGAES do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia con TPVs da entidade financeira ABANCA.

### **SEGUNDA.- OBXETO DO CONVENIO**

O obxecto será a modernización tecnolóxica das estacións de servizo sitas na Comunidade Autónoma de Galicia, dotándoas de TPVs de última xeración habilitados para facer retiradas de efectivo a clientes de tarxetas de débito emitidas por ABANCA.

### **TERCEIRA.- MEDIOS E ORZAMENTOS PARA DESENVOLVER O CONVENIO**

Cada unha das partes asinantes deste convenio realizará as actividades ás que se compromete polos seus propios medios e cos seus propios orzamentos. Neste convenio non se contempla ningunha achega económica dunha parte á outra.

### **CUARTA.- COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

1. Promover unha ampla difusión deste acordo, coordinando coa FEGAES e ABANCA a comunicación e información entre as posibles partes interesadas.
2. Fomentar, no marco da normativa vixente, a modernización tecnolóxica e dixital nas estacións de servizo de ámbito rural de Galicia, así como o desenvolvemento de actuacións dirixidas a mellorar a súa seguridade, que faciliten unha mellora na prestación dos servizos ofrecidos.
3. Dar difusión do novo servizo de retirada de diñeiro en efectivo, de forma que a poboación rural coñeza as súas características e vantaxes.

## **QUINTA.- COMPROMISOS DE FEGAES**

1. Fomentar entre os seus asociados a modernización tecnolóxica e dixital das estacións de servizo rurais, promovendo a mellora da eficiencia operativa e a incorporación de tecnoloxías innovadoras.
2. Promover entre os seus asociados a realización de actuacións relativas á implantación de solucións informáticas e dixitais nas estacións de servizo rurais de cara a mellorar os servizos ofrecidos, incluíndo sistemas que faciliten a adquisición de combustible e de produtos da tenda.
3. Colaborar coa Consellería de Economía e Industria na busca das mellores solucións que permitan a implantación dun servizo, dirixido á poboación rural, que permita a retirada de diñeiro en efectivo nas estacións de servizo rurais. En particular, a Federación Galega de Estacións de Servizo ofrecerá información aos seus asociados relativa aos requisitos necesarios para poder dispoñer deste servizo, e quedar adheridos ao Programa impulsado pola Xunta de Galicia.
4. Dar difusión do novo servizo de retirada de diñeiro en efectivo, de forma que a poboación rural coñeza as súas características e vantaxes.
5. Difundir entre os seus asociados as liñas de axudas promovidas pola Consellería de Economía e Industria.

## **SEXTA.- COMPROMISOS DE ABANCA**

ABANCA será responsable de difundir entre os seus membros os beneficios creados para os efectos deste acordo, incluíndo:

- Terminais TPV sen comisión de mantemento para todas as gasoleiras que se unan ao programa.
- Actualización dos terminais TPV existentes e instalación de novos terminais TPV, cando sexa necesario, equipados con opcións de retirada de efectivo. Estas retiradas de efectivo serán gratuítas para o usuario ou a gasoleira.
- Tipos de intercambio preferencias para as tarxetas propias e de terceiros utilizadas como medio de pago nas gasoleiras participantes.

ABANCA comprométese a organizar e coordinar a posta en marcha dos programas mencionados, o que inclúe un seguimento regular do programa coordinando as súas sucursais e os servizos de Métodos de Pago para este fin.

ABANCA comprométese a proporcionar información sobre o progreso do programa en todo momento. Tamén se compromete a entregar un informe final completo sobre a iniciativa ao vencemento deste acordo.

## **SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento integrada por dúas persoas representantes de cada parte asinante. O presidente da Comisión, que será unha das persoas representantes da Consellería de Economía e Industria, terá voto dirimente.

Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio. A Comisión reunirse as veces que sexan precisas á solicitude de calquera das partes asinantes. As súas funcións serán coordinar as relacións entre as partes na execución deste convenio e resolver os problemas de interpretación, dúbidas e discrepancias que podan aparecer na execución das actuacións previstas no convenio.

Esta Comisión rexerá en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados regulada na sección 3ª do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

## **OITAVA.- VIXENCIA DO CONVENIO**

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026. Non obstante o anterior, as partes acordaron facer os seus mellores esforzos para manter o alcance desta colaboración nos anos seguintes, para o que se asinará un novo Acordo de Colaboración coas condicións acordadas para tal fin.

## **NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO**

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideren incumpridos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu

notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Introducción de modificacións substanciais cando a Comisión de Seguimento non acorde a proposta dunha modificación do Convenio.

f) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio de colaboración ou noutras leis.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio de colaboración existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, acordarán a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización.

### **DÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS**

De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, as partes implicadas que por razón das actividades previstas neste convenio teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións relacionadas no convenio.

Neste sentido, haberá que atender ao contemplado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos).

No seu caso, no marco desta normativa, as partes poderán acordar a sinatura de cláusulas específicas en materia de protección de datos.

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE DO CONVENIO, TRANSPARENCIA E BO GOBERNO**

A firma deste convenio suporá o consentimento expreso da Federación Galega de Estacións de Servizo e da entidade ABANCA á consellería de Economía e Industria para incluír e facer públicos os datos referidos ao presente convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- RÉXIME XURÍDICO**

O presente convenio ten natureza administrativa e, estarase ao disposto no mesmo, e no non previsto ao que se dispón na Lei 40/2015 do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non se opoña á Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

Queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, conforme ao disposto no seu artigo 6.2, sen prexuízo da aplicación dos seus principios para resolver as dúbidas e lagoas que poidan exporse, tal e como se establece no artigo 4 da mencionada Lei.

As partes comprométense a resolver de común acordo, ante a Comisión de seguimento, calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio. En caso de conflito, as partes acordan o sometemento á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

O convenio rexerese polas súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

As dúbidas que poidan xurdir en relación coa interpretación e cumprimento do convenio resolveranse de común acordo, sen prexuízo da competencia da orde xurisdicional contencioso-administrativo.

E en proba da conformidade cos termos deste convenio de colaboración, as partes asínanos e rubrícanos no lugar e data indicados na cabeceira.

**Por ABANCA Corporación Bancaria, S.A.**

**Pola Consellería de Economía e Industria e Pola Federación Galega de Estacións de Servizo**